

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1110OV	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 07-04-17 11:58

Número 22.- Proposta da alcaldía relativa ás áreas de actividade obxecto da reserva de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción e condicións para garantir o seu cumprimento.

Destinatario

15078DCMG1110OV4



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 07 de abril de 2017, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 22 .- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA ÁS ÁREAS DE ACTIVIDADE OBXECTO DA RESERVA DE CONTRATOS A CENTROS EXPECIAIS DE EMPREGO E EMPRESAS DE INSERCIÓN E CONDICIÓNS PARA GARANTIR O SEU CUMPRIMENTO.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta da alcaldía, de data 6 de abril de 2017, do seguinte teor literal:

"A Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública -en diante, a Directiva-, prevé no seu artigo 20 a posibilidade de reservar contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción. Pola súa parte, a lexislación estatal española establece a través da Disposición adicional quinta da Lei de contratos do sector público (Rdlex. 3/2011, do 14 de novembro) -en diante, a LCSP- que o órgano competente das entidades locais fixará as porcentaxes mínimas de reserva do dereito a participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou determinados lotes deles a centros especiais de emprego e empresas de inserción reguladas na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de reinserción, que cumpran cos requisitos establecidos na dita normativa, ou unha porcentaxe mínima de reserva da execución destes contratos no marco de programas de emprego protexido.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100V	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 07-04-17 11:58

No antedito acordo deberán fixarse as condicións mínimas para garantir o cumprimento daquela Disposición.

A Directiva, nos seus artigos 4.d) e 74, en relación co Anexo XIV, tamén abre a posibilidade de que os órganos de contratación reserven a participación nos procesos de adxudicación dos contratos cuxo obxecto sexan actividades de especial perspectiva social e que teñan un orzamento de licitación superior a 750.000 €.

Á vista do anterior, propóñolle á XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.** As áreas de actividade obxecto dos contratos ou lotes deles que se poden reservar a centros especiais de emprego ou empresas de inserción social o cuxa execución se pode reservar no marco de programas de emprego protexido son as seguintes:

- Servizos de mantemento e conservación de zonas verdes
- Servizos de mantemento e conservación de bens inmobles.
- Servizos de restauración, catering e hostalería.
- Servizos de recollida e transporte de residuos.
- Servizos auxiliares e de conserxería.
- Servizos de dixitalización e tratamento documental.
- Servizos de artes gráficas.
- Servizos de mensaxería.
- Servizos relacionados con actividades de especial perspectiva social.

A Xunta de Goberno poderá ampliar a reserva a outros obxectos contractuais atendendo á súa adecuación ás prestacións dos centros e das empresas ás que se refire este punto.

A reserva deberá especificarse nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, na denominación ou título do contrato e no anuncio de licitación no que se citará expresamente a DA5ª da LCSP.

**Segundo.** Poderán participar na licitación dos contratos obxecto de reserva:

- Os Centros especiais de emprego regulados na Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (Rdlex. 1/2013, do 29 de novembro), constituídos e rexistrados de conformidade co Rd 2273/1985, do 4 de decembro.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100V	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 07-04-17 11:58

- Servizos auxiliares e de conserxería.
- Servizos de dixitalización e tratamento documental.
- Servizos de artes gráficas.
- Servizos de mensaxería.
- Servizos relacionados con actividades de especial perspectiva social.

A Xunta de Goberno poderá ampliar a reserva a outros obxectos contractuais atendendo á súa adecuación ás prestacións dos centros e das empresas ás que se refire este punto.

A reserva deberá especificarse nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, na denominación ou título do contrato e no anuncio de licitación no que se citará expresamente a DA5<sup>a</sup> da LCSP.

**Segundo.** Poderán participar na licitación dos contratos obxecto de reserva:

- Os Centros especiais de emprego regulados na Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (Rdlex. 1/2013, do 29 de novembro), constituídos e rexistrados de conformidade co Rd 2273/1985, do 4 de decembro.

- As empresas de inserción reguladas na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime de empresas de inserción, inscritas nos rexistros correspondentes conforme á normativa aplicable.

En Galicia, a normativa sobre calificación destas entidades é a seguinte:

- Decreto 156/2007, do 19 de xullo, que regula o procedemento para a calificación das empresas de inserción laboral, crea o seu rexistro administrativo e establece as medidas para o fomento da inserción sociolaboral (DOG núm. 138, do 19 de xullo)

- Decreto 200/2005, do 7 de xullo, que regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro administrativo de Centros especiais de emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento (DOG n° 138, do 19 de xullo).

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100V	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 07-04-17 11:58

- As empresas de inserción reguladas na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime de empresas de inserción, inscritas nos rexistros correspondentes conforme á normativa aplicable.

En Galicia, a normativa sobre calificación destas entidades é a seguinte:

- Decreto 156/2007, do 19 de xullo, que regula o procedemento para a calificación das empresas de inserción laboral, crea o seu rexistro administrativo e establece as medidas para o fomento da inserción sociolaboral (DOG núm. 138, do 19 de xullo)

- Decreto 200/2005, do 7 de xullo, que regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro administrativo de Centros especiais de emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento (DOG nº 138, do 19 de xullo).

**Terceiro.** Porcentaxe de aplicación para a reserva de contratos

O importe dos contratos obxecto de reserva será como mínimo dun 5% do importe dos contratos adxudicados no exercicio inmediatamente anterior no conxunto das áreas de actividade sinaladas anteriormente.

Sen prexuízo do anterior, procurarase incluír criterios sociais nos de adxudicación na totalidade das licitacións que se convoquen. "

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

**Primeiro.** As áreas de actividade obxecto dos contratos ou lotes deles que se poden reservar a centros especiais de emprego ou empresas de inserción social o cuxa execución se pode reservar no marco de programas de emprego protexido son as seguintes:

- Servizos de mantemento e conservación de zonas verdes
- Servizos de mantemento e conservación de bens inmobles.
- Servizos de restauración, catering e hostalería.
- Servizos de recollida e transporte de residuos.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I0OV	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 07-04-17 11:58

**Terceiro.** Porcentaxe de aplicación para a reserva de contratos

O importe dos contratos obxecto de reserva será como mínimo dun 5% do importe dos contratos adxudicados no exercicio inmediatamente anterior no conxunto das áreas de actividade sinaladas anteriormente.

Sen prexuízo do anterior, procurarase incluír criterios sociais nos de adxudicación na totalidade das licitacións que se convoquen.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

